

“ A LOITA POLOS DEREITOS DA MULLER ”

Actividades sobre a *Declaración de Séneca Falls*, interpretación de imaxes sobre o sufraxismo e análise do voto feminino no mundo.

DESCUBRE

A loita polos dereitos da muller

O nacemento do sufraxismo

En 1848 redactouse en Nova York (Estados Unidos) a **Declaración de Séneca Falls**. Nela, non só se reclamaba a igualdade das mulleres con respecto aos homes en todos os oficios e profesións, senón tamén o recoñecemento do seu dereito ao voto (sufraxio). Lograr este dereito foi o principal obxectivo do **movemento sufraxista**, que xurdiu na segunda metade do século XIX.

O sufraxismo tivo as súas principais manifestacións no **Reino Unido**, onde destacaron Emmeline e Christabel Pankhurst e Emily Davison, e en **Estados Unidos**, país en que sobresaíron Anna Howard Shaw e Carrie Chapman Catt. Para reivindicar as súas ideas, as sufraxistas organizaban **manifestacións** e **desfiles** (3) ou irrompían en mitins políticos, o que ás veces desembocaba en enfrontamentos coa policía.

Antisufraxistas

No século XIX xurdiu un movemento contrario ao sufraxismo. Os seus integrantes, entre os que tamén había mulleres, opoñíanse a que estas tivesen os mesmos dereitos ca os homes porque consideraban que era contrario á natureza.

Pensaban que a **muller** fora dotada coa capacidade de ter fillos, polo que a súa **única función** na vida era ser **esposa e nai**, é dicir, coidar do seu marido e dos fillos. Os antisufraxistas criticaban e mesmo ridiculizaban a loita feminina. (4)



Emmeline Pankhurst (1858-1928)

Sufraxista británica, nacida en Manchester. Na súa xuventude afiliouse ao Partido Laborista británico. En 1903 fundou xunto a súa filla Christabel a Unión Social

e Política das Mulleres, a través da cal exercía presión sobre o Goberno para que recoñecese o dereito ao voto feminino. Nalgúns casos as súas accións foron moi violentas (destrución de propiedades, incendios...), polo que foi encarcerada en varias ocasións. Tras a Primeira Guerra Mundial, trasladouse a Canadá. Despois, regresou ao Reino Unido, onde morreu.

TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

Declaración de Séneca Falls

DECIDIMOS: [...]

Que todas as leis que impidan que a muller ocupe na sociedade a posición que a súa conciencia lle dite, ou que a sitúen nunha posición inferior á do home, son contrarias á natureza e, polo tanto, non teñen nin forza nin autoridade.

Que a muller é igual ao home –que así o pretendeu o Creador– e que polo ben da raza humana esixe que sexa recoñecida como tal.

- Que importancia tivo esta declaración?



3. Manifestación sufraxista en Nova York en 1916.



4. Caricatura antisufraxista en que se satiriza unha situación inusual a comezos do século XX.

2 INTERPRETA AS IMAXES.

- Describe as dúas imaxes desta páxina.
- Que mensaxe transmite a caricatura?



5. Grupo de mulleres nunha feira do motor, 1924. Na década de 1920 as mulleres acomodadas vestían á moda e maquillábanse e pintaban as uñas de forma habitual, algo que antes estaba «mal visto».

Unha nova muller

A Gran Guerra supuxo **cambios na forma de vestir** da muller, o que significou un novo avance na emancipación feminina. Para traballar con maior comodidade, as mulleres liberáronse dos vestidos con xustillo, acurtaron o longo das saias e comezaron a usar pantalóns. (5) O pelo, que moitas mulleres non cortaban en toda a vida, empezou a levarse curto, pois o cabelo longo era difícil de coidar e podía enredarse na maquinaria das fábricas. A nova moda permitiu á muller **practicar deportes** como o tenis, a natación ou o ciclismo.

O recoñecemento dalgúns dereitos

O estalido da Primeira Guerra Mundial supuxo a paralización da loita do movemento sufraxista porque todos os esforzos se centraron en gañar a contenda. Non obstante, o importante papel económico que desenvolveron as mulleres durante o conflito puxo de manifesto que, se a muller era quen de realizar os traballos que antes se consideraban exclusivamente masculinos, tamén podía exercer os seus dereitos políticos, como votar.

En numerosos países, como o Reino Unido, Estados Unidos e Alemaña, foi **recoñecido o dereito ao sufraxio feminino** no período de entreguerras. (6) Noutros, as mulleres non puideron votar ata moitas décadas despois. En Suíza, por exemplo, as mulleres votaron por primeira vez na década de 1970.

6. DEREITO AO VOTO FEMININO NAS ELECCIÓNS XERAIS

PAÍS	ANO
Nova Zelandia	1893
Australia	1902
Finlandia	1906
Noruega	1913
Rusia	1917
Canadá, Alemaña, Austria, Polonia, Reino Unido	1918
Checoslovaquia	1919
Estados Unidos, Hungría	1920



3 EDUCACIÓN CÍVICA.

- Investiga e indica as datas en que lograron o seu dereito ao voto as mulleres en Francia e en España. Con estes datos e os do documento 6, elabora unha liña do tempo.
- Investiga se existe algún país no mundo actual en que as mulleres non poidan votar. Indica o seu nome.